



# Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02

O 10 de maio de 2013 publicáronse a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS e a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ámbalas dúas ordenanzas aprobadas polo Pleno do Concello de Chantada o 11 de marzo de 2013.

Despois de mais de tres anos en vigor, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello solicitalle información o Servizo de Urbanismo do Concello sobre o posible desaxuste entre o valor real das obras e o resultante da aplicación do punto 14 do M<sub>bu</sub>: Usos da edificación, emitíndose o seguinte

## INFORME:

No período transcorrido desde que son de aplicación as referidas ordenanzas detectouse que, en ámbalas dúas ordenanzas, o punto 14 do M<sub>bu</sub>: Usos da edificación, é moi xenérico englobando desde almacéns e naves industriais a instalacións deportivas descubertas pasando por naves, granxas, alpendres, pendellos ou cubertos, depósitos, graderíos e panteóns.

Está xeneralización ocasiona, para algúns dos usos sinalados, uns valores de construción claramente superiores o custo real das obras.

## CONCLUSIÓN:

Polo sinalado, entendo que se deberían diferenciar os valores do punto 14 do M<sub>bu</sub>: Usos da edificación do seguinte xeito:

14.1. Naves industriais, granxas e panteóns (por nicho)	139,50 €
14.2. Almacéns	90,60 €
14.3. Instalacións deportivas descubertas, alpendres, pendellos ou cubertos, depósitos e graderíos.	69,75 €

Chantada, 9 de setembro de 2016

  
Juan García Pérez.

Arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Chantada.